



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Cidrás Pidre, José  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sánchez, Jesús  
Membriela Iglesia, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín

### DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xose Manuel  
Cruces Colado, Susana  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Iglesias Antelo, Beatriz  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Muñoz López, Luis  
Pérez Losada, Fermín E.  
Sueiro Justel, Joaquín  
Vidal Vázquez, Ricardo

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Dominguez Martín, Jorge  
Garriga Domínguez, Ana  
Legido Soto, José Luis  
Liz Marzán, Luis Manuel  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B

Martínez Ínsua, Ana Elina

### ESTUDANTES

Campos Casal, Jacobo

### PAS:

Bernal Gómez, Rosa  
Torres Vázquez, Luis

### CONSELLO SOCIAL

### DESCULPAN ASISTENCIA

Ortiz Torres, Luis  
Pena Rodríguez, Alberto  
Pousada Carballo, José María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 05 de marzo de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 05 de marzo de 2008, ás horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2008 e da acta da sesión extraordinaria do día 13 de febreiro de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Límite de prazas para o curso 2008/2009.
4. Encargo de docencia. Materias optativas e materias de libre elección do curso 2008/2009.
5. Aprobación, se procede, de praza dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
6. Aprobación, se procede, das normas básicas do POD do curso 2008/2009.
7. Aprobación, se procede, do programa propio para a formación predoutoral en áreas con especial dificultade para contratar doutores.
8. Modificación, se procede, da normativa de profesorado de substitución.
9. Aprobación, se procede, das directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos planos de estudos de grao.
10. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de PDI, PAS e alumnos nos Consellos de Departamento, e de representantes de alumnos para a renovación parcial do Claustro.
11. Elección de representantes nos Consello de Departamentos: Interpretación do artigo 45 dos Estatutos.
12. Aprobación, se procede, do novo Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.
13. Aprobación, se procede, do seguinte curso: Emigración e inmigración. Aspectos xurídico-económicos e procesos de integración socio-laboral.
14. Aprobación, se procede, da Convocatoria de Axudas de Investigación para o ano 2008.
15. Modificación, se procede, dos criterios de produción científica correspondentes ao ano 2007.

16. Informe de xerencia: valoración de postos e estudo organizativo do persoal de administración e servizos (PAS) e estratexias de xestión 2008-2012.
17. Aprobación, se procede, da proposta ao Consello Social da aceptación da cesión de terreos de titularidade municipal de Ourense a favor da Universidade de Vigo coa finalidade de promover prácticas deportivas.
18. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación CEG para a Innovación Empresarial.
19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio coa Fundación Universidade de Vigo para a xestión delegada de contratos de I+D+i, de convenios, títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo. – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento en infraestruturas científico-tecnolóxicas – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2007 – Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización de cursos de formación sobre cooperación ao desenvolvemento en Cuba – Convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a posta en marcha do programa galego de voluntariado de acompañamento de vítimas de violencia (Programa Rodela) – Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun plan de formación dos técnicos dos servizos de apoio ao emprendimento e ao emprego dos campus universitarios galegos – Convenio marco de colaboración coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Estatal Lomonosov de Moscú (Rusia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Salerno (Italia) – Convenio específico coa Universitat Pompeu Fabra para a colaboración na redacción do proxecto Clarín.
20. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 PDI e 1 estudante) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI)\*.
21. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2008 e da acta da sesión extraordinaria do día 13 de febreiro de 2008.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

O informe que presenta o reitor está baseado nos temas tratados nas xuntanzas do Consejo de Universidades e do Consello Galego de Universidades celebradas durante o pasado mes de febreiro.

1. En primeiro lugar, comenta **diversas novidades e carencias** destacables no tema das novas titulacións.

**1.a).** As **carencias** teñen que ver con fases que deben ser cubertas a nivel estatal e autonómico e das que aínda non se poden trasladar noticias fiables:

É o caso, en primeiro lugar, das directrices correspondentes aos títulos de enxeñaría con atribucións profesionais recoñecidas. No último Consejo de Universidades foron anunciadas como inminentes, pero semella evidente que non cabe agardar novidade algunha durante o presente mes de marzo. Esta carencia, de orixe no MEC, esta a retrasar o inicio do proceso de reforma en todo o ámbito da enxeñaría.

A segunda carencia remite ao anunciado documento da Xunta de Galicia sobre o valor do crédito ECTS e da docencia presencial. Da Conselleiría sabemos que teñen o documento sometido a debate interno, e que pretenden non retrasalo demasiado. Pero o certo é que para empezar a reforma de xeito masivo, ese documento resulta moi necesario.

Solventadas estas dúas carencias, e aprobadas as Directrices Básicas da UVigo para a reforma, pódese proseguir os debates que está habendo nos ámbitos e remitilos xa aos centros e xuntas de titulación para que empecen co traballo de detalle. Confiamos en que isto sexa posible sen excesiva demora.

**1.b).** As **novidades** refírense basicamente aos novos títulos de grao e posgrao aprobados para a súa entrada en vigor no curso 2008-2009.

A Xunta de Galicia autorizou a tramitación de 5 novos títulos de grao, que neste momento están sendo sometidos a acreditación na ANECA. Estes graos son :

Na UDC : “Terapia Ocupacional”  
 “Socioloxía”.  
 Na USC : “CC. Políticas e da Administración”  
 “Matemáticas”.  
 Na UVIGO : “Belas Artes”.

En canto aos **Posgraos**, no último Consello Universitario de Galicia houbo decisión favorable para 28 novos títulos de Máster-Doutoramento e desfavorable para 6. Dos favorables, a UVigo participa con 10 másters propios e 8 compartidos. Dos desfavorables, 3 corresponderon á USC, 2 á UVigo e 1 á UDC.

2. Informa tamén de que volve a recuperar protagonismo o tema do **calendario escolar**, apuntando a cambios, na liña dos debatidos na UVigo anos atrás. Están interesados no tema a CRUE e o MEC, por unha banda, e a Conselleiría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, por outra, apuntando nos dous casos ao seguinte esquema básico :

- Inicio do curso : primeiros días de setembro.
- 1º cuatrimestre : setembro-diciembre.
- 1ª convocatoria de exames : diciembre-xaneiro (substitúe a febreiro).

- 2º cuadrimestre : xaneiro-abril.
- 2ª convocatoria de exames : maio-xuño (substitúe a xuño).
- 3ª convocatoria de exames : xullo (substitúe a setembro).

Volverase a ter este debate, polo tanto, a través de diferentes foros e confía en que, nesta ocasión, con menos premura e máis implicación social. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria anuncia neste sentido a creación dunha comisión de traballo na que participarán a ensinanza universitaria e secundaria. A reforma, en todo caso, apuntaría ao curso 2009-2010.

**3.** Por último, informa da celebración en Vigo do FORUM ORIENTA 2008, durante os días 8 a 11 de abril, nas instalacións do IFEVI. Trátase da feira da ensinanza universitaria e de formación profesional de Galicia e ten unha incidencia considerable na decisión de futuro dos estudantes de secundaria.

Desde o equipo de goberno daráselle toda a importancia que este evento merece e pídese aos responsables de centros que colaboren todo o que estea na súa man para que os stands de mostra teñan o máximo atractivo posible.

**Punto 3.** Límite de prazas para o curso 2008/2009.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que na reunión da COAP do pasado 8 de febreiro analizáronse as propostas dos centros relativas ao número de prazas ofertadas para o próximo curso, que consta na táboa que se xunta como **anexo I** coa proposta da COAP, que é coincidente coa proposta dos centros.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Encargo de docencia. Materias optativas e materias de libre elección do curso 2008/2009.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón a proposta da COAP do 8 de febreiro relativa a este punto que se recolle no **anexo II**. Consta de:

En primeiro lugar unha serie de incidencias puntuais acerca de modificacións da oferta de materias troncais, obrigatorias u optativas e cambios de cuadrimestre. Na Escola de Universitaria de Fisioterapia de Pontevedra proponse para dúas materias un desglose de créditos de Aula en créditos de Laboratorio. Na Escola Superior de Informática de Ourense proponse un cambio de área asignada para dúas materias que viña impartindo o profesor Rodríguez Liñares que acadou recentemente o cambio de área.

En segundo lugar aparece o criterio xeral adoptado pola COAP para tratar as modificacións propostas na oferta de prazas de libre elección en materias propias das titulacións. O criterio é o mesmo que fora aplicado para o curso 07/08 establecendo límites para esta oferta, que evite o impacto negativo que puidera ter un exceso de alumnos de libre elección no desenvolvemento das materias.

En terceiro lugar aparece a oferta de materias específicas de libre elección, elaborada baseándose nos seguintes criterios:

- ✓ Non autorizar novas materias de libre elección de campus ou aquelas que non acadaran o número de alumnos requirido. Poden en todo caso proporse como materias de libre elección de calidade se a folgura das áreas o permite. No caso da materia de lingua alemá en Ourense autorizouse a redución de prazas baseándose no detallado informe do centro.
- ✓ Autorizar aos centros a proposta de libre elección da titulación sempre que superara a matrícula dun 50% das prazas ou sempre que encaixe dentro dos números de materias que lle correspondan (1 materia por cada 100 alumnos ou fracción nunha mesma titulación).
- ✓ Incorporar as materias de libre elección de calidade, que quedan supeditadas á existencia de folgura das áreas.

Finalmente aparece a listaxe completa de materias coas modificacións resaltadas.

Indica tamén que con posterioridade á preparación da documentación da COAP presentáronse algunhas peticións puntuais, para as que solicita que se delegue expresamente na COAP a correspondente resolución, de selo caso:

- ✓ Unha solicitude de materia de libre elección de titulación e outra de campus en Ciencias do Mar. A primeira non tería que presentar ningún problema por non ter actualmente ningunha. A segunda segundo o criterio da COAP podería autorizarse como materia de libre elección de calidade se a folgura da área o permitise.
- ✓ Algunhas solicitudes de cambio de cuadrimestre.

Engádese ao encargo a materia de libre elección da titulación de Ciencias do Mar “Xestión de Empresas Acuícolas” (2º cuadrimestre, área 650 Organización de Empresas, 6 créditos de tipo A).

Apróbase por asentimento o encargo de docencia e materias de libre elección así como a delegación expresa na COAP das restantes peticións chegadas con posterioridade á celebración da sesión do 8 de febreiro.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, de praza dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se solicita unha praza de Catedrático de Universidade na área de Física Aplicada (395) (Departamento T08 Física Aplicada). O Profesor Titular de Universidade D. Pío Manuel González Fernández , acadou habilitación. Cóntase co informe favorable da COAP.

Apróbase por asentimento.

Aínda que non se trate de prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados senón entre acreditados, informa tamén a este Consello de Goberno acerca das dúas prazas de Catedrático e de Titular propostas polo departamento de Estatística e aprobadas por este Consello de Goberno condicionado ao informe xurídico favorable. O informe emitido pola asesoría xurídica foi favorable ao procedemento proposto polo que a COAP autorizou os correspondentes concursos tras o sorteo do tribunal.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, das normas básicas do POD do curso 2008/2009.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a norma básica proposta de POD para o curso 08/09, que consta no **anexo III**, é similar á de 2007/08 coas seguintes puntualizacións ou modificacións:

En primeiro lugar, non se contempla a saída a concurso de novas prazas de axudante. A reforma da LOU e as novas condicións desta figura dificultan o uso da mesma. Para potenciar a formación de investigadores nas áreas de especial dificultade para contratación de doutores proponse un programa propio cuxas bases figuran no seguinte punto da orde do día.

En segundo lugar inclúese a figura de Investigadores contratados no novo programa Ángeles Alvariño cunha capacidade docente de 9 créditos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do programa propio para a formación predoutoral en áreas con especial dificultade para contratar doutores.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón primeiramente a carreira académica que se perfila como consecuencia das novas accións de I+D+i en recursos humanos. O recrutamento de profesorado doutor estable cun marcado carácter investigador vese afectado por este marco. A carreira académica divídese nunha etapa predoutoral, e dúas etapas posdoutorais, unha que supón estadias noutros centros (convocatoria Angeles Alvariño ou Posdoutorais do MEC) e outra de retorno nas figuras Ramón y Cajal ou Parga Pondal. A Universidade ten certa capacidade de fixar perfís nas etapas posdoutorais, pero non é así nas etapas previas á tese.

Rematada a exposición anterior, presenta a proposta de programa propio de formación predoutoral, que consta no **anexo IV**, coas seguintes características:

- ✓ Trátase de bolsas ou contratos en dúas etapas diferenciadas pola suficiencia investigadora e con paso automático dunha a outra cumprindo o requisito. A contía das axudas é igual que a da convocatoria xeral da Universidade que se mantén, sendo esta a maiores.
- ✓ O obxectivo final é acadar o título de doutor e o compromiso é fixar un perfil da área nas convocatorias Angeles Alvariño. De xeito extraordinario propónse tamén estender este dereito aos actuais Axudantes que acaden o doutoramento.
- ✓ O mecanismo de selección de perfís comeza polas propostas dos departamentos e conclúe coa selección pola COAP.
- ✓ O mecanismo de selección de candidatos realizarase pola Comisión de Investigación ao mesmo tempo da resolución das axudas do programa xeral.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Modificación, se procede, da normativa de profesorado de substitución.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen manifesta que, unha vez posta en marcha a normativa de profesorado de substitución durante o presente curso, está a funcionar en xeral de modo satisfactorio: contratáronse ata agora 13 profesores de substitución (7 directamente por concurso e 6 por lista).

Dito isto, expón o contido básico das modificacións na normativa de profesorado de substitución, que consta no **anexo V**.

Propónse esixir para os contratos a tempo completo o título de doutor. O salario que perciben é comparable ao de axudante doutor mentres que os contratados a tempo parcial perciben un salario equivalente ao de asociado a tempo parcial.

Para o sistema de concurso se propón unha modificación consistente en que o concurso xere unicamente a lista de agarda e non o compromiso formal de contratación. Isto ten a vantaxe de poder anticipar o concurso supeditándoo unicamente á alta probabilidade de ter que usar a lista. Isto permitiría dispor de listas de agarda nun prazo razoable para a súa utilización no primeiro cuadrimestre e liberaría a Universidade de compromisos de contratación se as circunstancias que producen a necesidade docente desaparecen no proceso de resolución do concurso.

Propónse, tal como se fixo este ano, que os concursos leven o perfil xenérico da área.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, das directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos planos de estudos de grao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón as liñas xerais das directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos planos de estudo de grao, que se recolle no **anexo VI**, destacando as novidades mais salientables deste texto, una vez exposto á comunidade universitaria e estudadas as alegacións feitas sobre o mesmo e pasada a revisión da asesoría xurídica.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Pide a palabra o Prof. Sueiro quen destaca, que fronte ao texto anterior exposto á comunidade universitaria, hai novidades importantes entre elas o feito de que sexa o Consello de Goberno o que estableza o mapa de titulacións o que considera moi axeitado, pero ten dúbidas sobre o procedemento a seguir no caso de novas titulacións. O reitor intervéen sinalando que aquí ten competencias o Claustro en relación as novas titulacións.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de PDI, PAS e alumnos nos Consellos de Departamento, e de representantes de alumnos para a renovación parcial do Claustro.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen presenta para a súa aprobación as convocatorias de eleccións de representantes de PDI, PAS e alumnos nos Consello de Departamento e de representantes de alumnos para renovación parcial do Claustro, que veñen acompañadas dos correspondentes calendarios que se incorporan como **anexo VII**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Elección de representantes nos Consello de Departamentos: Interpretación do artigo 45 dos Estatutos.

Asisten como invitados: Martín Rodríguez Caeiro e Sara Fuentes Cid investigadores en formación da Facultade de Belas Arte se Juan Loeck Hernández, Director Departamento de Escultura.

Cédese a palabra á secretaria xeral que sinala que se acaba de aprobar no apartado anterior a convocatoria de eleccións a representantes de estudantes nos Consello de Departamento e é necesario revisar a interpretación que o Consello de Goberno fixo na súa sesión do 26 de xaneiro de 2006 dos apdos. b) y e) do art. 45 dos Estatutos de Universidade de Vigo (onde se regula a composición dos Consello de Departamentos), para adaptala ao previsto no Real Decreto 63/2006, de 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal de investigación en formación.



Na sesión de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2006 aprobouse a seguinte interpretación do art. 45 dos Estatutos:

- No apartado b) que se refire expresamente a “todo o persoal docente e investigador a tempo completo”, incluíanse aos bolseiros FPI e FPU.
- No apartado e) que alude a “unha representación do persoal investigador en formación”, incluíanse aos restantes bolseiros predoutorais (Xunta, Universidade, outros) e aos titulados universitarios ou doutores con contrato a cargo de proxectos de investigación.

Con posterioridade a esta interpretación, aprobouse o Estatuto do persoal investigador en formación que no seu art. 4.1 establece unha distinción na situación xurídica do persoal en formación:

- Situación de bolsa: que comprende os dous primeiros anos dende a concesión da axuda.
- Situación de contrato laboral: una vez superado o período de bolsa e obtido o Diploma de Estudos Avanzados.

De acordo co anterior, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é:

- Apartado b): persoal investigador a tempo completo: incluír aos contratados de investigación a tempo completo non doutor: FPI, FPU, María Barbeito e UVigo.
- Apartado e) incluír aos bolseiros de investigación (FPI, FPU, Xunta, UVigo) e titulados universitarios ou doutores con contrato a cargo de proxectos de investigación.

Esta proposta está informada favorablemente pola asesoría xurídica.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, do novo Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que este texto ten sido aprobado pola Xunta da Facultade de Dereito e conta con informe favorable de asesoría xurídica e foi revisado polo servizo de normalización lingüística.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Aprobación, se procede, do seguinte curso: Emigración e inmigración. Aspectos xurídico-económicos e procesos de integración socio-laboral.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen informa que este curso ten informe favorable da COAP.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da Convocatoria de Axudas de Investigación para o ano 2008.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación quen pide disculpas polo retraso da remisión da documentación debido a que a Comisión de Investigación se celebrou o día 29 e tamén pola existencia de algúns erros na documentación aportada finalmente.

Destaca os cambios mais salientables da convocatoria de axudas de investigación para o ano 2008 que consta no **anexo VIII**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Modificación, se procede, dos criterios de produción científica correspondentes ao ano 2007.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación quen inicia a súa intervención sinalando que teñen sido aprobados pola Comisión de Investigación por unanimidade e seguidamente expón as modificacións mais salientables que constan no **anexo IX**.

Apróbase por asentimento a modificación dos criterios de produccion científica correspondentes ao ano 2007.

**Punto 16.** Informe de xerencia: valoración de postos e estudo organizativo do persoal de administración e servizos (PAS) e estratexias de xestión 2008-2012.

Solicitaron asistir con voz pero sin voto os seguintes membros da comunidade universitaria: D. Horacio A. Villar Suárez, D. Xan Cebro, D. Sergio Pajares e D. Jose A. Zapiraín.

Cédese a palabra á xerente da Universidade quen procede a informar sobre o contido concreto do procedemento que se está seguindo co obxecto de realizar a valoración de postos e estudo organizativo do persoal de administración e servizos, tal e como consta no documentos que se aportan como **anexo X**.

Seguidamente informa sobre as directrices a seguir para o plan estratéxico 2008-12 que se recollen no **anexo XI**

Rematada a intervención da xerente da Universidade ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o Sr. Torres quen agradece á xerente que informe ao Consello de Goberno de a onde nos diriximos, pero entende que esta presentación chega tarde ao Consello de Goberno e tiña que terse feito antes. Destaca cuestións positivas, coma a participación de todo o persoal, a profesionalización e a presentación dun plan de formación. Confía en que todo isto se executa tal como expuxo a xerente e que se conte co persoal si se quere que finalmente se ofrezca un servizo de calidade.

Seguidamente da o reitor a palabra a outros membros da comunidade universitaria que non son membros do Consello de Goberno pero que teñen solicitado en tempo e forma a súa intervención:

Intervén o Sr. Zapiraín quen da lectura dun texto que se incorpora como **anexo XII**.

Intervén o Sr. Pajares quen da lectura dun texto que se incorpora como **anexo XIII**.

O Sr. Cebro da a benvida a xerente e mostra o seu desexo de que esta xerencia sexa estable. Seguidamente recorda que todos os xerentes que viñeron de fora tiñan a intención de converter a universidade en aquel lugar de onde viñan e confía a que a xerente non queira convertela no SERGAS ou na Universidade de Santiago. Neste sentido sinala que na Universidade de Vigo temos un xeito de traballar e negociar que a xerente ten que respectar, por iso a xunta de persoal solicita diálogo. Pon como exemplo da necesidade de diálogo, o tema da conciliación familiar e a supresión das comisións de servizos. Recorda ao reitor o seu compromiso de manter o diálogo como vía para evitar conflitos e pide á xerente que dinamice as mesas de negociación, entre elas as de formación. Solicita tamén ao reitor e a xerente que respecte todos os acordos asinados entre a xunta de persoal e o equipo de goberno e ratificados polo Consello de Goberno e o Consello Social. Lembra á xerente que se está en negociacións globais e non parciais, onde se inclúe todo: concurso de méritos, comisións de servizos, incluída a sentenza da RPT. Sinala que o plano de calidade foi elaborado polo equipo de goberno e non polo PAS, non foi negociado coa xunta de persoal, sendo a pretensión da xerente que se aceptase o traballo feito. Agradece todo o traballo feito e considera que se está a tempo de reconducilo e que sexa un traballo de todos. Pregunta novamente ao reitor se vai respectar os acordos entre o Consello de Goberno e a xunta de persoal e solicita que con urxencia se convoque a mesa de retribucións e calidade do PAS funcionario. Reitera que a xunta de persoal asume todos os acordos asinados e, una vez alcanzado un acordo global, impulsarase o apoio de todo o persoal. Pon como exemplo, o plano de calidade aprobado pola Universidade de Sevilla con plena participación dos membros do PAS. Remata a súa intervención reiterando a necesidade dunha reunión urxente para colaborar e o respecto dos acordos asinados.

O Sr. Torres pregunta en que calidade teñen intervido as persoas que non son membros do Consello de Goberno.

O reitor contesta que en concepto de interesados.

O Sr. Torres sinala que o Sr. Zapiraín dixo na súa intervención que se estaba ao borde dun conflito e quere saber si o fixo como membro da xunta de persoal u de xeito individual.

O Sr. Cebro expón que a xunta de persoal non está pensado en conflito ningún senón en diálogo, que é o que están pedindo.

O Sr. Zapirain pregunta si por parte do reitor ou do Consello de Goberno hai algún tipo de valoración sobre o incumprimento do convenio.

A xerente resposta a todos os intervintes sinalando en primeiro lugar que é necesario centrar o tema para clarificar onde nos atopamos todos. Neste sentido manifesta que este punto da orde do día é para informar aos membros do Consello de Goberno do que se está traballando no ámbito da xestión, porque considera a transparencia como un eixo fundamental das actuacións, dando conta ao Consello de Goberno dos proxectos a desenvolver. Indica que a Xerencia entende a formulación das directrices estratéxicas de xestión como unha ferramenta útil e imprescindible para a mellora da xestión, e que non se trata de copiar mimeticamente o que se está a traballar noutras organizacións, senón de adaptarse tendo en conta a cultura da Universidade de Vigo. Polo tanto entende que se están cumprindo os compromisos adquiridos. En segundo lugar manifesta que quizás se entendeu mal o punto da orde do día no sentido de que non é un plano de calidade nin estratéxico rematado senón un documento inicial para empezar a traballar nunha xestión moderna e de calidade, e que necesariamente ten que agrupar a todos. Para acadar este obxectivo alega que se farán todas as colaboracións que sexan adecuadas. Reitera que non é un documento acabado nin completo e que dedicará todo o seu esforzo e a súa experiencia para implicar ao conxunto da organización e conseguir a máxima participación e finalmente isto se integrará no plano estratéxico da Universidade.

O Sr. Pajares recorda que efectivamente a xerente ten experiencia na Universidade de Santiago pero alí na súa época as estratexias de calidade levaron á privatización de servizos.

O Sr. Cebro, como presidente da xunta de persoal manifesta a súa obriga de recordar que non queren ser informados senón que queren negociar pois ese é o compromiso que teñen do Consello de Goberno.

**Punto 17.** Aprobación, se procede, da proposta ao Consello Social da aceptación da cesión de terreos de titularidade municipal de Ourense a favor da Universidade de Vigo coa finalidade de promover prácticas deportivas.

Cédese a palabra á xerente da Universidade quen sinala que existe un convenio entre co concello de Ourense para a cesión de terreos de titularidade municipal a favor da Universidade coa finalidade de promover prácticas deportivas, do que se trata é cumprir a normativa vixente que esixe que nestes casos o consello de Goberno ten que propoñer ao consello Social a autorización para a aceptación dos terreos do concello de Ourense, en concreto tratase da parcela B1 de 11.950 m<sup>2</sup> e da parcela A cunha superficie de 270 m<sup>2</sup>.

Apróbase por asentimento.

**Punto 18.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación CEG para a Innovación Empresarial.

Intervén o reitor para sinalar que se trata de pedir a autorización para participar nesta fundación de interese galego, sendo as entidades fundadoras: a Confederación de Empresarios de Galicia, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios da Coruña, a Confederación de Empresarios de Lugo, a Confederación Empresarial de Ourense, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, Caixa Galicia e Caixanova.

Os obxectivos desta fundación son promover a innovación e a aplicación dos resultados da actividade científica e polo momento non se ten que facer ningunha achega inicial aínda que posteriormente os patronos decidirán si é preciso facela, polo que solicita a este Consello de Goberno que se permita facer esa achega, na contía que se determine, cando así se decida.

Apróbase por asentimento.

**Punto 19.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio coa Fundación Universidade de Vigo para a xestión delegada de contratos de I+D+i, de convenios, títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo. – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento en infraestruturas científico-tecnolóxicas – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2007 – Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a realización de cursos de formación sobre cooperación ao desenvolvemento en Cuba – Convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a posta en marcha do programa galego de voluntariado de acompañamento de vítimas de violencia (Programa Rodela) – Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun plan de formación dos técnicos dos servizos de apoio ao emprendimento e ao emprego dos campus universitarios galegos – Convenio marco de colaboración coa Universidade dos Andes (Venezuela) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Estatal Lomonosov de Moscú (Rusia) – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Salerno (Italia) – Convenio específico coa Universitat Pompeu Fabra para a colaboración na redacción do proxecto Clarín.

O reitor pregunta se existe algunha cuestión sobre algún convenio.

O Prof. Legido pregunta que supón o Convenio coa Fundación Universidade de Vigo para a xestión delegada de contratos de I+D+i, de convenios, títulos propios de posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, e si a súa sinatura leva unha opción máis para o investigador.

O vicerreitor de Planificación resposta que é un convenio similar ao que se ten firmado con FEUGA e que será o investigador o que teña que decidir se a xestión se delega ou non na Fundación, como se fai con FEUGA.

Debátese sobre o tema con intervención do Prof. Legido, os vicerreitores de Planificación e Formación e Innovación Educativa e a secretaria xeral.

O Prof. Berrocal pregunta se se van actualizar os membros do Consello de Goberno que forman parte do padroado da Fundación Universidade de Vigo.

O reitor resposta que se revisará a composición e sinala que o crecemento da fundación debe ser paulatino.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 20.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 PDI e 1 estudante) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI)\*.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que nas Comisións de extensión universitaria e estudantes e investigación, tense presentado tantos candidatos como postos no sectores de PDI, o que fai innecesaria a elección.

Os novos representantes do PDI son os seguintes:

Na Comisión de Investigación: José María Pousada Carballo e na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, Beatriz Iglesias Antelo.

No que respecta á praza vacante polo sector de estudantes na Comisión de investigación, non hai ningún candidato presentado.

**Punto 21.** Rogos e preguntas.

O Prof. Legido, trae un rogo do Departamento de Física Aplicada relativa á desgravación para os profesores que imparten docencia en master que provén dun programa de doutoramento que agora desaparece. En concreto, roga que se lle aplique a desgravación a todos os que imparten no master e que non teñan desgravación de doutoramento.

O vicerreitor de Profesorado sinala que neste momento deben facerse as alegacións oportunas. En concreto, respecto da docencia de terceiro ciclo, que agora desemboca nun master, se esixe que o profesor non rebase o límite e que teña o número de alumnos requirido. Se se trata dun profesor que non tiña doutoramento e agora imparte docencia nun master, non ten agora desconto.

Debátese sobre o tema e o Prof. Legido pregunta co qué criterio se decide qué master ven dun programa de doutoramento.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea expón que este ven de cando se ofertaron os POPs algúns foron unha amortización dun programa de doutoramento e nestes casos se conxelaba a desgravación do último ano, o que supoñía unha merma da achega económica. Esta vía esta xa esgotada pero pode haber erros que se revisarán. No que se refire ao departamento de física aplicada, mantén o programa de doutoramento que non se anulou.

Intervén a Sra. Bernal quen resalta a diferenza na documentación do punto 16 que nun caso aparece con logo da Universidade e noutro non.

A xerente resposta que o segundo texto que consta na aplicación informática foi feito coa plantilla da área de imaxe e comunicación.


A secretaria xeral, pola súa parte sinala que a única documentación oficial é a que consta na plataforma informática aberta para os membros do Consello de Goberno.

O Prof. Muñoz intervén en relación ao punto suscitado polo Prof. Legido para sinalar que deberían poder desgravar os profesores que deixan un programa de doutoramento e imparten docencia nun POP.

O reitor expón que non se poden buscar solucións improvisadas e anuncia que se vai traer un documento de reforma de doutoramento, polo tanto entende que non sería bo introducir neste momento elementos que puideran inducir a erros. O mellor é deixar todo como está, intentando non prexudicar a ninguén.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:45 horas do día 05 de marzo de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

● reitor  
Alberto Gago Rodríguez



secretaria xeral  
Esther González Pillado

